





# DESENVOLVEMENTO REGIONAL

4.1. INFRAESTRUTURAS

4.2. INVESTIGACIÓN E TECNOLOGÍA



## DESENVOLVEMENTO REXIONAL

Unha vez analizados tres dos cinco grandes indicadores sintéticos de competitividade (o macroeconómico, o laboral e o de desenvolvemento empresarial), este capítulo pretende analizar os outros dous indicadores mencionados no capítulo **I.6.- CONVERXENCIA**: o que fai referencia ás infraestruturas e o de innovación.

Estes dous factores son necesarios para un maior dinamismo da economía galega, ao actuar tanto como elementos que posibilitan a captación de investimentos e como elementos impulsores de dinámicas de desenvolvemento territorial.

Canto ás infraestruturas, no período 2001-2004 (últimos datos dispoñibles) o investimento real ascendeu a 6.514,2 millóns de euros, o 6,0% do investimento real territorializado. A Comunidade Autónoma é o principal axente investidor, con 3.371,8 millóns de euros (o 9,0% do investido polas CC.AA.). O Estado investiu en Galicia un total de 1.377,2 millóns de euros, o 4,7% do total investido pola Administración Central.

O 15 de xullo de 2005 aprobouse o *Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transportes* (PEIT), que define as directrices básicas de actuación nestas materias para o período 2005-2020. O investimento

previsto para o conxunto do Estado será de 250.000 millóns de euros, o que supón unha media anual superior a 15.500 millóns de euros.

No que atinxe á situación do investimento en I+D en Galicia, a intensidade de gasto en I+D na comunidade galega é aínda insuficiente en relación á media española e europea, e está moi lonxe do esforzo investidor do obxectivo comunitario do 3,0% a acadar en 2010. Galicia inviste nesta actividades o 0,86% do seu PIB, sendo esta ratio do 1,12% en España e do 1,90% no conxunto da UE.

Esta debilidade amósase tamén no caso da capacidade innovadora, onde, a pesar da mellora experimentada, o peso relativo das solicitudes de invencións sobre o total estatal segue sendo baixo, sobre todo se se ten en conta a importancia relativa galega en termos de poboación ou de actividade económica.

Co obxectivo de impulsar o sistema de I+D en Galicia e a mellora competitiva do sistema produtivo galego, en 2006 comeza un novo Plan Galego de I+D e un Plan Estratéxico de Innovación de Galicia, cun horizonte temporal de 2010. ■

## 4.1. INFRAESTRUTURAS

No contexto de crecemento da globalización das actividades produtivas e de consumo, e por tanto, do transporte de mercadorías, as infraestruturas de transporte adquiren un papel fundamental. A súa importancia radica en que non só permiten formalizar corredores de transporte e unha mellor e máis rápida conexión con distintas áreas e centros de decisión económicos, senón que unhas boas infraestruturas actúan como elemento impulsor de dinámicas de desenvolvemento territorial e posibilitan a captación de investimentos para o devandito impulso económico.

O investimento público total real territorializado en Galicia en 2004 (último dato dispoñible) ascendeu a 1.946,8 millóns de euros, o 6,7% do investimento no conxunto do Estado. O **cadro 4.1.1.** indica que o axente investidor máis importante foi a C.A., con 983,7 millóns de euros (o 9,4% do total investido en Galicia), seguido polo Estado, con 512,1 millóns de euros (o 6,4%). Se consideramos o período 2001-2004, o investimento real ascendeu a 6.514,2 millóns de euros, o 6,0% do investimento en España, dos que 3.371,8 millóns corresponden á C.A. (9,0% da media española) e 1.377,2 millóns de euros aos investimentos do Estado en Galicia (o 4,7%).

Asemade, cómpre salientar que en 2005, o investimento correspondente ao Plan de Dinamización Económica de Galicia ascendeu a 562,6 millóns de euros, dos que 294,5 millóns corresponden ás actuacións financiadas dende a Administración Xeral da Comunidade autónoma, e 124,5 millóns de euros, ás financiadas polas Sociedades Públicas autonómicas.

O **cadro 4.1.3.** reflicte as principais actuacións segundo o destino do financiamento. Cómpre salientar que o 72,8% do investimento destinouse a infraestruturas fronte ao 13,8% ao sector pesqueiro. No primeiro caso, salientan os investimentos en infraestruturas e en solo industrial, que acollen o 43,4% e 26,0% do investimento total, mentres que no caso do subsector pesqueiro, a partida máis importante é a correspondente ao investimento na industria de transformación, que acolle o 8,6% do investimento proxectado.

O Consello de Ministros aprobou o 15 de xullo de 2005 o *Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transportes 2005-2020* (PEIT), que define as directrices básicas de actuación en materia de infraestruturas e transporte de competencia estatal a medio e longo prazo. O PEIT estrutura os seus obxectivos en catro grandes obxectivos cualitativos: a mellora da eficiencia do sistema; o fortalecemento da cohesión social e territorial; a sustentabilidade; e o impulso do desenvolvemento económico e a competitividade. O investimento total previsto para o conxunto do Estado será de 250.000 millóns de euros, o que supón unha media anual de máis de 15.500 millóns de euros.

### INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE TERRESTRE

Respecto ás infraestruturas terrestres por estradas, os datos do *Anuario estadístico 2004* do Ministerio de Fomento reflicten que a rede de estradas de Galicia está composta por 79.203 quilómetros, dos que 61.756 quilómetros corresponden á rede viaria municipal, 15.189 están a cargo da Entes Territoriais e 2.258 a cargo do Estado.

Do total de quilómetros a cargo do Estado, o **cadro 4.1.4.** reflicte que o 32,4% (732 quilómetros) corresponden a autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada, en tanto que dos quilómetros a

**Investimento público real territorializado nas CC.AA. segundo axentes das administracións públicas 2004 (1): presupostos iniciais**

	2004				2001-2004				Total	
	Entidades locais (2)		C.A.	Estado (3)	Entidades locais (2)		C.A.	Estado (3)		
	Deputacións		(en millóns de €)		Deputacións		(en millóns de €)			
	Concellos				Concellos					
Andalucía	1.478,8	246,6	1.589,3	1.075,0	4.389,7	5.639,5	1.008,4	5.538,4	3.584,9	15.771,2
Aragón	343,0	50,4	307,0	568,6	1.269,0	1.505,7	182,2	1.195,0	2.077,0	4.960,0
Asturias	196,9	-	462,7	391,8	1.051,4	881,5	-	1.906,2	1.398,3	4.186,0
Baleares	134,0	45,5	188,1	115,0	482,6	565,1	160,3	703,9	442,4	1.871,8
Canarias	362,7	252,6	458,5	1.233,5	1.233,5	1.328,6	1.010,3	1.701,8	687,1	4.727,9
Cantabria	145,2	-	363,4	154,1	662,7	568,2	-	1.180,3	702,1	2.450,7
Castela e León	590,7	217,5	1.119,5	666,4	2.594,1	2.511,6	831,7	3.899,6	2.406,8	9.649,7
Castela-A Mancha	472,8	69,1	627,3	406,6	1.575,8	1.607,0	274,7	2.112,9	1.398,0	5.392,6
Cataluña	1.501,0	49,6	1.093,13 (4)	315,3	2.959,1	6.394,2	230,4	3.971,4	1.290,1	11.886,0
Extremadura	263,2	91,4	495,4	278,2	1.128,2	878,0	335,3	1.723,1	946,5	3.882,8
Galicia	343,7	107,3	983,7	512,1	1.946,8	1.361,1	404,1	3.371,8	1.377,2	6.514,2
Madrid	879,3	-	1.005,8	616,9	2.502,1	3.917,7	-	3.486,8	2.500,2	9.904,8
Murcia	207,0	-	290,5	137,4	595,0	783,7	-	899,2	487,2	2.170,0
A Ríoxa	90,6	-	135,2	89,3	315,1	420,5	-	400,5	424,2	1.245,2
C. Valenciana	1.073,1	172,8	843,9	454,5	2.544,3	4.040,0	685,7	3.307,7	1.629,7	9.663,2
Navarra	252,1	-	252,2	17,0	521,3	1.037,9	-	1.039,5	74,3	2.151,6
País Vasco	539,0	400,4	317,07(4)	83,5	1.340,0	2.127,2	1.536,9	1.208,1	363,4	5.235,5
Ceuta	41,0	-	-	19,2	60,2	129,8	-	-	73,0	202,8
Melilla	21,2	-	-	17,0	38,2	87,2	-	-	83,9	171,2
Non rexionalizable	-	-	-	1.896,7	1.896,7	-	-	-	6.775,1	6.775,1
Estranxeiro	-	-	-	80,8	80,8	-	-	-	531,6	531,6
<b>Total</b>	<b>8.935,1</b>	<b>1.703,2</b>	<b>10.492,7</b>	<b>8.055,4</b>	<b>29.186,3</b>	<b>35.784,5</b>	<b>6.659,9</b>	<b>37.646,3</b>	<b>29.253,1</b>	<b>109.343,8</b>

(1) cada axente comprenden soamente á Administración centralizada e OO.AA., agás no caso dos Concellos que soamente se refiren á súa Administración centralizada

(2) Estimación

(3) non inclúen gastos de defensa

(4) Presupuesto prorrogado

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas, Informe económico-financiero de las Administraciones Territoriales 2003

**Plan de dinamización económica de Galicia 2005: distribución segundo orixe do financiamento**

	Admón Xeral. C. Autónoma	Sociedades públicas autonómicas	Réxime concesional	Outros	Total
	<i>(en miles de €)</i>				
<b>Administración Xeral Comunidade Autónoma</b>	294.549	-	-	-	294.549
C. de Economía e Facenda	9.737	-	-	-	9.737
C. de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda	136.892	-	-	-	136.892
C. de Innovación, Industria e Comercio	39.790	-	-	-	39.790
C. de Cultura, Comunicación Social e Turismo	959	-	-	-	959
C. de Pesca e Asuntos Marítimos	77.530	-	-	-	77.530
C. de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais	29.641	-	-	-	29.641
<b>Sociedades Públicas Autonómicas</b>	-	124.516	-	-	124.516
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia	-	32.553	-	-	32.553
Portos de Galicia	-	6.060	-	-	6.060
XESTURES	-	85.903	-	-	85.903
<b>Réxime Concesional</b>	-	-	63.010	-	63.010
<b>Outros</b>	-	-	-	80.560	80.560
Administración Xeral do Estado	-	-	-	20.232	20.232
Solo Empresarial do Atlántico	-	-	-	59.470	59.470
Administración Local	-	-	-	858	858
<b>Total</b>	<b>294.549</b>	<b>124.516</b>	<b>63.010</b>	<b>80.560</b>	<b>562.635</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

4.1.2.

**Plan de dinamización económica de Galicia 2005: distribución segundo destino do financiamento**

	Admón Xeral. Com. Autónoma	Sociedades públicas autonómicas e réxime concesional	Outros	Total
	<i>(en miles de €)</i>			
<b>Infraestruturas</b>	143.402	187.526	78.451	409.379
Estradas	129.513	95.563	18.981	244.057
Portos	6.356	6.060	-	12.416
Solo industrial	1.023	85.903	59.470	146.396
Electrificación e gasificación	6.510	-	-	6.510
<b>Sector pesqueiro</b>	77.530	-	-	77.530
Pesca de baixura	11.450	-	-	11.450
Acuícultura	4.000	-	-	4.000
Industria de transformación	48.327	-	-	48.327
Equipamentos portuarios	10.137	-	-	10.137
Recuperación zonas improdutivas	1.500	-	-	1.500
Formación	1.756	-	-	1.756
Centros Tecnolóxicos	360	-	-	360
<b>Investigación e desenvolvemento</b>	13.570	-	-	13.570
<b>Turismo</b>	959	-	2.108	3.067
<b>Comercio</b>	17.180	-	-	17.180
<b>Artesanía</b>	1.000	-	-	1.000
<b>Formación</b>	24.641	-	-	24.641
<b>Fomento do emprego</b>	5.000	-	-	5.000
<b>Incentivos ao investimento</b>	11.267	-	-	11.267
<b>Total</b>	<b>294.549</b>	<b>187.526</b>	<b>80.559</b>	<b>562.634</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

4.1.3.

**Lonxitude da rede de estradas en Galicia e España 2003-04**

	2003		2004		Galicia / España	
	Galicia	España	Galicia	España	2003	2004
	(en quilómetros)				(%)	
<b>A cargo do Estado</b>	2.262	24.857	2.258	25.155	9,1	9,0
Estradas dunha calzada	1.530	16.063	1.526	15.991	9,5	9,5
Estradas de dobre calzada	73	719	73	734	10,2	9,9
Autovías e autoestradas libres	395	6.027	395	6.267	6,6	6,3
Autoestradas de peaxe	264	2.048	264	2.163	12,9	12,2
<b>A cargo dos Entes territoriais</b>	15.031	139.727	15.189	139.997	10,8	10,8
Comunidade Autónoma	5.139	70.270	5.295	70.501	7,3	7,5
Deputación	9.892	69.457	9.894	69.496	14,2	14,2
<b>Rede viaria municipal</b>	61.756	489.698	61.756	489.698	12,6	12,6
<b>Total rede de estradas</b>	79.049	654.282	79.203	654.850	12,1	12,1

Fonte: Ministerio de Fomento, Anuario estadístico

**4.1.4.**
**Índices da rede de estradas do Estado, CC.AA. , Deputacións e Cabildos 2003-04 (1)**

	2003				2004			
	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1000 habitantes (2)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes (2)	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1000 habitantes (3)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes (3)
Andalucía	0,28	3,16	167,35	528,54	0,28	3,14	177,17	555,73
Aragón	0,23	9,09	60,52	549,99	0,23	8,82	63,20	557,22
Asturias	0,47	4,68	108,41	507,38	0,47	4,65	112,94	525,63
Baleares	0,43	2,28	347,61	794,02	0,43	2,20	366,02	804,08
Canarias	0,57	2,24	279,57	626,01	0,57	2,16	293,53	635,32
Cantabria	0,49	4,70	119,05	559,22	0,49	4,60	124,58	573,68
Castela-A Mancha	0,24	10,37	54,95	570,00	0,24	10,00	58,27	582,83
Castela e León	0,34	12,96	42,84	555,16	0,34	12,92	44,56	575,68
Cataluña	0,38	1,81	348,60	629,49	0,38	1,74	360,66	628,75
C. Valenciana	0,36	1,90	326,32	619,31	0,37	1,82	343,75	625,17
Estremadura	0,21	8,23	65,30	537,58	0,21	8,26	68,02	561,59
<b>Galicia</b>	<b>0,58</b>	<b>6,29</b>	<b>90,45</b>	<b>568,55</b>	<b>0,59</b>	<b>6,31</b>	<b>93,38</b>	<b>589,05</b>
Madrid	0,41	0,57	1.100,88	628,31	0,42	0,57	1.116,32	641,01
Murcia	0,33	2,97	202,28	600,21	0,33	2,81	215,47	605,20
Navarra	0,37	6,74	91,58	616,92	0,37	6,57	95,22	625,33
País Vasco	0,59	2,02	258,54	521,93	0,59	2,00	267,81	535,93
A Rioxa	0,37	6,51	83,44	543,52	0,37	6,23	87,18	542,76
<b>Total</b>	<b>0,33</b>	<b>3,85</b>	<b>152,92</b>	<b>589,21</b>	<b>0,33</b>	<b>3,76</b>	<b>160,05</b>	<b>601,08</b>

(1) na rede de estradas non se inclúen a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-2003

(3) poboación oficial a 1-1-2005

Fonte: Ministerio de Fomento, Anuario estadístico

**4.1.5.**

cargo dos Entes Territoriais, o 65,1% dos mesmos, 9.894 quilómetros, están a cargo das Deputacións provinciais, e 5.295 km están a cargo da Comunidade Autónoma.

En relación ao **investimento medio** na rede de estradas do Estado, comunidades autónomas, deputacións e millóns no período 2000-04, o **cadro 4.1.6.** amosa que Galicia é a oitava comunidade autónoma na que menos se inviste por habitante, con 132,9 miles de euros por cada 1.000 habitantes, por detrás de Madrid (24,4 miles de euros por cada mil habitantes), Baleares (48,6), Murcia (66,1), Cataluña (82,1), C. Valenciana (83,2), Canarias (86,1), e Andalucía (105,4 miles de euros por cada mil habitantes). En termos de investimento por quilómetro de rede, o investimento en Galicia ascendeu, no mesmo perí-

**Investimentos medios na rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 2000-04** (1)

	Administracións públicas		Estado		Total		Entes Territoriais Comunitades Autónomas		Administracións públicas		Estado		Total		Entes Territoriais Comunitades Autónomas		Deputacións e Cabildos		
					(en miles de €./10000 haabs) (2)								(en miles de €./ quilómetro de rede)						
Andalucía	105,4	54,3	51,1	42,9	8,2	33,6	126,6	18,9	31,6	6,1									
Aragón	252,4	187,2	65,2	47,5	17,6	28,6	103,9	9,3	10,8	6,7									
Asturias	383,5	237,6	145,9	145,9	-	82,4	329,0	37,1	37,1	-									
Baleares	48,6	-	48,6	-	48,6	22,1	-	22,1	-	22,1									
Canarias	86,1	-	86,1	-	86,1	39,8	-	39,8	-	39,8									
Cantabria	329,0	229,2	99,8	99,8	-	71,4	211,7	28,3	28,3	-									
Castela-A Mancha	174,2	97,0	77,1	67,7	9,5	19,2	51,7	9,5	15,9	2,4									
Castela e León	245,5	124,4	121,1	91,8	29,3	19,0	60,7	11,1	20,1	4,6									
Cataluña	82,1	33,9	48,3	43,0	5,3	47,1	117,8	33,2	52,6	8,3									
C. Valenciana	83,2	41,8	41,4	34,7	6,7	45,7	104,0	29,2	57,5	8,3									
Extremadura	181,8	117,6	64,2	42,1	22,1	22,0	88,4	12,0	12,3	6,3									
<b>Galicia</b>	<b>132,9</b>	<b>56,6</b>	<b>76,2</b>	<b>58,9</b>	<b>17,4</b>	<b>21,1</b>	<b>69,2</b>	<b>13,9</b>	<b>30,9</b>	<b>4,8</b>									
Madrid	24,4	10,5	13,9	13,9	-	42,4	78,7	31,4	31,4	-									
Murcia	66,1	25,8	40,3	40,3	-	23,5	66,2	16,7	16,7	-									
Navarra	184,6	-	184,6	184,6	-	28,1	-	28,4	28,4	-									
País Vasco	142,8	-	142,8	-	142,8	71,4	-	71,4	-	71,4									
A Riixa	216,8	143,6	73,2	73,2	-	34,8	103,0	15,1	15,1	-									
<b>Total</b>	<b>118,7</b>	<b>58,5</b>	<b>60,2</b>	<b>43,6</b>	<b>16,6</b>	<b>31,6</b>	<b>102,3</b>	<b>18,9</b>	<b>27,2</b>	<b>10,5</b>									

(1) na rede de estradas non se inclúe a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-2005

Fonte: Ministerio de Fomento, Anuario estadístico

**Investimentos do Ministerio de Fomento en Galicia 2005: obrigas recoñecidas**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Varias prov.	Total
	(en miles de €)					
<b>Capítulo 6: Investimentos reais</b>	205.112	61.278	29.337	166.737	5.532	467.996
D.G. de Carreteras	41.216	55.867	28.392	55.056	3.423	183.954
D.G. de Ferrocarriles	112.693	1.342	454	82.887	1.884	199.260
D.G. do Instituto Geográfico Nacional	1	-	-	-	225	226
D.G. de Marina Mercante	423	30	-	96	-	549
Ministerio, Subsecretaría e Servicios Xerais	-	-	-	404	-	404
AENA	12.900	-	-	1.528	-	14.428
Puertos del Estado	28.402	-	-	23.477	-	51.879
Correos y Telégrafos	7.338	4.039	491	3.289	-	15.157
Sasemar	2.139	-	-	-	-	2.139
<b>Total Investimentos</b>	<b>205.112</b>	<b>61.278</b>	<b>29.337</b>	<b>166.737</b>	<b>5.532</b>	<b>467.996</b>

Fonte: Ministerio de Fomento

**4.1.7.**
**Investimentos totais de Renfe nas CC.AA. 2005**

	(en miles de €)	(%)
Andalucía	1.060,38	3,5
Aragón	372,74	1,2
Asturias	56,74	0,2
Cantabria	5,98	0,0
Castela-A Mancha	1.898,07	6,3
Castela e León	404,66	1,3
Cataluña	1.996,28	6,6
C. Valenciana	335,55	1,1
Extremadura	1,10	0,0
<b>Galicia</b>	<b>106,52</b>	<b>0,4</b>
A Coruña	11,81	0,0
Lugo	-	-
Ourense	9,51	0,0
Pontevedra	75,00	0,2
Varias provincias	10,20	0,0
Madrid	22.573,57	74,9
Murcia	100,98	0,3
Navarra	47,81	0,2
País Vasco	1.186,01	3,9
<b>Total asignable CC.AA.</b>	<b>30.146,39</b>	<b>100,0</b>
<b>Asignable varias CC.AA.</b>	<b>4.987,96</b>	
<b>Non asignable CC.AA.</b>	<b>706.294,53</b>	
<b>Investimento total</b>	<b>741.428,88</b>	

Fonte: Renfe

**4.1.8.**
**Investimentos presupostados en estradas, portos e obras hidráulicas 2004-05**

Organismo	Concepto	2004	2005	05/04
		(en miles de €)		(%)
D.X. Obras Públicas	Estrada (413 B, 600, 610)	156.046,1	148.848,7	-4,6
Portos de Galicia	Portos (presuposto de capital)	26.024,0	29.950,0	15,1
Augas de Galicia	Investimentos reais (Cap. VI)	31.987,3	23.250,6	-27,3
Obras e Servicios Hidráulicos	Obras hidráulicas (presuposto de capital)	68.163,0	80.605,0	18,3
<b>Total</b>		<b>282.220,4</b>	<b>282.654,3</b>	<b>0,2</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

**4.1.9.**

**Proxecto de investimentos das Direccións Xerais de Obras Públicas 2004-05**

<b>413 A Ordenación e inspección do transporte terrestre</b>		2004	2005	05/04
		<i>(en miles de €)</i>		<i>(%)</i>
600	Mellora da accesibilidade	6.850,0	5.000,0	-27,0
608	Outros investimentos	-	1.000,0	
610	Infraestruturas de mellora de da accesibilidade	400,0	400,0	0,0
623	Maquinaria, instalacións e utensilios - adquisicións	-	-	-
625	Mobiliario e utensilios	-	-	-
626	Equipos para procesos informáticos	-	-	-
632	Edifícios e outras construcións	65,0	65,0	0,0
633	Maquinaria, instalacións e utensilios - reposición	18,2	18,0	-1,1
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	710,0	692,0	-2,5
<b>413 B Construción, conservación e explotación de estradas</b>				
600	Mellora da accesibilidade	129.931,1	121.281,4	-6,7
610	Infraestrutura de mellora da accesibilidade	26.115,0	21.567,2	-17,4
623	Maquinaria, instalacións e utensilios - adquisicións	200,0	135,0	-32,5
624	Material de transporte	150,0	250,0	66,7
625	Mobiliario e útiles	60,0	25,0	-58,3
626	Equipos para procesos de información	50,0	-	-100,0
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	2.000,0	2.599,9	30,0

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

4.1.10.

odo de tempo, a 21,1 miles de euros, sendo a terceira comunidade na que menos se inviste, por diante de Castela e León (19,0 miles de euros) e Castela-A Mancha (19,2).

O investimento real do Ministerio de Fomento na comunidade autónoma de Galicia ascendeu no último ano a 468,0 millóns de euros. O **cadro 4.1.7.** amosa que o 42,6% do mesmo corresponde á Dirección General de Ferrocarriles, cun investimento real total 199,3 millóns de euros, seguida da Dirección General de Carreteras, 184,0 millóns de euros, o que supón o 39,3% do investimento total.

Desagregando a nivel provincial, o 43,8% do total do investimento real do Ministerio de Fomento en Galicia está realizado na provincia de A Coruña, con 205,1 millóns de euros, sendo o investimento máis importante o da Dirección General de Ferrocarriles con 112,7 millóns de euros (54,9% do investimento na provincia); a segunda provincia en importancia polo volume de investimentos é a de Pontevedra, con 166,7 millóns de euros (35,6% do investimento total), dos que o 49,7% (82,9 millóns de euros) foi realizado pola Dirección General de Ferrocarriles.

No que respecta aos investimentos en Galicia das entidades públicas empresariais, cómpre salientar que o investimento de Renfe ascendeu a 106,5 millóns de euros en 2005, o que representa o 0,4% do investimento total asignable ás diferentes comunidades autónomas. A provincia de Pontevedra abrangue o 70,4% deste investimento, dedicando a totalidade dos 75,0 millóns de euros investidos á partida de novos talleres e melloras. Séguelle A Coruña, con 11,8 millóns de euros, e Ourense, con 9,5 millóns de euros.

O **cadro 4.1.9.** recolle a evolución de investimento realizado en materia de estradas, portos e obras hidráulicas pola Dirección Xeral de Obras Públicas, Portos de Galicia, Augas de Galicia e Obras e Servizos Hidráulicos. Este investimento permaneceu practicamente constante en 2005, para situarse nos 282,7 millóns de euros, dos que 148,8 millóns de euros (un 4,6% inferior á do ano precedente) corresponden á Dirección Xeral de Obras Públicas. O investimento en obras hidráulicas (Aguas de Galicia e Obras e Servizos Hidráulicos) ascendeu aos 103,9 millóns de euros (un 3,7% superior so rexistrado en 2004) e Portos de Galicia rexistra unha medra do 15,1%, cun investimento de 30,0 millóns de euros.

**Investimentos de Portos de Galicia 2004-05**

	2004				
	A Coruña	Lugo	Pontevedra	Varios portos	Total
	(en €)				
Sinais marítimas e balizamento	8.994,59	-	-	69.942,20	78.936,79
Accesos marítimos	-	243.731,28	54.642,60	-	298.373,88
Obras de abrigo e dársenas	2.268.517,18	745.844,45	15.553,08	-	3.029.914,71
Obras de atraque	3.281.500,11	2.189.181,13	4.026.312,81	-	9.496.994,05
Edificacións	-	-	7.905,97	-	7.905,97
Instalacións xerais	1.992.163,96	482.255,44	422.645,50	246.277,24	3.143.342,14
Pavimentos, calzadas e vías circulación	403.665,70	65.295,83	67.475,24	-	536.436,77
Estudios e proxectos	5.652.260,81	1.162.069,56	3.585.081,24	-	10.399.411,61
Equipos manipulación mercadorías	327.335,20	75.538,01	172.801,48	11.716,22	587.390,91
Material flotante	-	-	-	-	-
Instalacións e utillaxe	-	-	-	-	-
Outras instalacións	10.866,48	-	-	-	10.866,48
<b>Total</b>	<b>13.945.304,03</b>	<b>4.963.915,70</b>	<b>8.352.417,92</b>	<b>327.935,66</b>	<b>27.589.573,31</b>
	50,55				
	2005				
	A Coruña	Lugo	Pontevedra	Varios portos	Total
	(en €)				
Sinais marítimas e balizamento	7.664,76	-	5.940,00	52.084,57	65.689,33
Accesos marítimos	71.003,98	306.866,68	27.206,64	-	405.077,30
Obras de abrigo e dársenas	4.424.039,07	545.156,22	-	-	4.969.195,29
Obras de atraque	2.924.981,73	1.112.271,32	2.938.092,39	-	6.975.345,44
Edificacións	-	-	-	-	-
Instalacións xerais	4.458.491,79	758.331,07	866.819,19	-	6.083.642,05
Pavimentos, calzadas e vías circulación	455.351,35	94.360,22	213.266,20	-	762.977,77
Estudios e proxectos	5.111.877,15	271.073,52	292.471,74	-	5.675.422,41
Equipos manipulación mercadorías	-	-	-	-	-
Material flotante	-	-	-	-	-
Instalacións e utillaxe	-	-	-	-	-
Outras instalacións	10.866,48	-	-	-	10.866,48
<b>Total</b>	<b>17.464.276,31</b>	<b>3.088.059,03</b>	<b>4.343.796,16</b>	<b>52.084,57</b>	<b>24.948.216,07</b>

Fonte: Portos de Galicia

**4.1.11.**

No que atinxe aos principais programas das Direccións Xerais de Obras Públicas e de Transportes, o **cadro 4.1.10.** reflicte que o investimento do programa de construción, conservación e explotación de estradas ascendeu no ano 2005 a 145,9 millóns de euros, un 8,0% menos que o presupostado no ano anterior. O programa de ordenación e inspección do transporte terrestre descendeu ata os 7,2 millóns de euros, un 10,8% menos que en 2004.

**INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS E AEROPORTUARIAS**

O investimento en infraestruturas portuarias en Galicia ascendeu a 76,9 millóns de euros no ano 2005, dos que 51,9 millóns de euros corresponden ao investimento realizado polo Ministerio de Fomento nos portos de interese xeral e 25,0 millóns de euros, ao investimento no resto dos portos de Galicia.

- **Portos de interese xeral do Estado.**- O investimento real do Ministerio de Fomento no ano 2005 (obrigas recoñecidas) ascendeu a 51,9 millóns de euros. Nos dous portos da provincia de A Coruña este investimento ascendeu a 28,4 millóns de euros e nos tres da provincia de Pontevedra o investimento acadou os 23,5 millóns de euros.

- **Portos da Comunidade Autónoma.**- O investimento en infraestruturas portuarias ao longo do ano 2005 ascendeu a 25,0 millóns de euros, un 9,6% menos que o investido ao longo do ano anterior. Os portos da provincia de A Coruña acolleron a o 70% do investimento total, con 17,5 millóns de euros, un

**Investimentos executados e Investimentos presupostadas de AENA nos tres aeroportos galegos 2005-06:  
distribución por proxecto**

Inversión executada 2005		Inversión presupostada 2006	
(en €)			
<b>A Coruña</b>	6.788.250		17.560.000
Desenvolvemento de infraestruturas en xeral. Adquisición de terreos necesarios		Ampliación campo de voo	
Desenvolvemento de infraestruturas en area de movementos. Instalación dun sistema de iluminación Cat II/III		Expropiacións de terreos	
Desenvolvemento de infraestruturas en zona de servizos aeroportuarios.Handling		Ampliación plataforma sur	
Mantemento da actividade. Reposición / mantemento e melloras de instalacións		Instalacións para categoría II/III	
Desenvolvemento e actualización tecnolóxica de sistemas. Instalacións / equipamentos / proxectos varios (redes multiservizos)		Aparcadoiro e viais	
Normalización de edificios e instalacións auxiliares. Realización da infraestruturas de estacións radar		Desenvolvemento e mellora de sistemas de navegación	
		Investimentos de apoio e obras menores	
<b>Santiago</b>	8.019.698		16.928.000
Desenvolvemento de infraestruturas en zonas de servizos aeroportuarios. Proxectos varios		Nova area terminal	
Desenvolvemento de infraestruturas en zonas de servizos aeroportuarios. Nova torre de control		Nova torre de control e centro de control de area terminal	
Xestión medioambiental do aeroporto. Actuacións medioambientais		Expropiación de terreos	
Desenvolvemento de infraestruturas en zona de pasaxeiros. Edificacións		Adecuación aparcadoiros	
Desenvolvemento de infraestruturas en zona de pasaxeiros. Aparcadoiros, urbanizacións e accesos		Desenvolvemento e mellora de sistemas de navegación	
Mantemento da actividade. Reposición / mantemento e melloras de instalacións		Investimentos de apoio e obras menores	
Seguridade operativa no aeroporto de Santiago.			
Desenvolvemento e actualización tecnolóxica de sistemas. Instalacións / equipamentos / proxectos varios (redes multiservizos)			
<b>Vigo</b>	2.170.280		8.917.000
Desenvolvemento de infraestruturas en area de movementos. Ampliación da plataforma de aeronaves.		Ampliación da plataforma de estacionamento de aeronaves	
Desenvolvemento de infraestruturas en xeral. Plan de uso de terreos		Ampliación edificio terminal pasaxeiros	
Desenvolvemento de infraestruturas en zona de pasaxeiros. Aparcadoiros, urbanizacións e accesos		Edificio aparcadoiro vehículos, urbanización e bloque técnico	
Desenvolvemento de infraestruturas en zona de carga. Edificacións		Desenvolvemento e mellora de sistemas de navegación	
